SUXESTIÓN DIRIXIDA Á SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MARÍN, PARA QUE RESOLVA SOBRE O PROCEDEMENTO DE EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO SEU TERMINO MUNICIPAL.

Expediente: N.7.Q/5643/18

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. [redacted] referente á falta de resposta a tres reclamacións cursadas ante o Concello de Marín.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que remitiu a esa autoridade escritos de reclamación e ese concello non lle responde, para "coñecer de xeito motivado a resposta e que se respecten os seus dereitos" en relación cun procedemento de explotación de servizos de temporada nas praias do Concello.

Ante iso requirimos informe a ese Concello, que xa nola remitiu. Coa información aportada non consta en ningún momento que o Concello de Marín se dirixira directamente ao promotor da queixa para facilitarlle as pertinentes explicacións aos seus escritos de reclamación.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

Confirma ese Concello que iniciou a tramitación do expediente para a explotación, por terceiros, dos servizos de tempada de verán, previa autorización para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre concedida polo Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, mediante resolución de data 19 de febreiro de 2018, pola que se aprobou o Plan de Explotación dos Servizos de tempada de verán nas praias do termo municipal de Marín para o ano 2018, o Concello.

Mediante resolución de Alcaldía de data 14 de marzo de 2018, aprobouse o prego de condicións económico-administrativas que rexen o outorgamento, en réxime de concorrencia competitiva, das correspondentes autorizacións de uso común especial, para que sexan os particulares que resulten adxudicatarios os que exploten os servizos de tempada nas praias do municipio, ocupando dominio público marítimo-terrestre, con instalacións desmontables, durante a tempada de 2018, que abarca dende o 1 de maio de 2018 ata o 30 de setembro de 2018.

O 11 de maio de 2018, analizada a documentación presentada polos interesados, pasado o período de subsanación de erros apreciados, cualifícase favorablemente a documentación presentada polos interesados, e a Mesa de contratación admite a todos os licitadores e formula proposta de adxudicación á que considera mellor oferta.

En datas do 24 de maio de 2018 e 8 de xuño de 2018, consta que o agora reclamante, na súa condición de licitador, [redacted] , presentou no Concello escritos de exclusión do adxudicatario do procedemento. A alcaldía recoñece que “a falta de resposta aos escritos do Sr. [redacted] motivou a queixa” que deu lugar a actuación desta valedoría.

En canto á tramitación dos escritos presentados polo Sr. [redacted], afirma ese Concello que “ a reclamación presentouse fronte a un acto non recorrible (a decisión da mesa de contratación de admitir a un licitador a un procedemento de adxudicación), pois non decide directa o indirectamente sobre o fondo do asunto, nin determina a imposibilidade de continuar o procedemento nin, en definitiva, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos”. “Non existe no presente suposto ningún acto que poña termo ao proceso de licitación (o que si ocorrerá cando se adxudique a explotación). Tampouco existe acto algún que cause indefensión ao licitador porque este puido alegar no

seo do procedemento e porque evidentemente poderá recorrer a adxudicación", recolle o informe municipal.

Non reflicte o informe que houbera unha resposta expresa e por escrito ás solicitudes que presentou o Sr. [redacted] en datas de 24 de maio e 8 de xuño de 2018.

O artigo 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño do Valedor do Pobo, pola que se rexe o funcionamento da institución, encomenda ao Valedor do Pobo, como alto comisionado do Parlamento de Galicia, a defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución e para o exercicio das demais funcións que esta lei lle atribúe. A actividade do Valedor do Pobo esténdese á tutela dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de autonomía, en especial, os sancionados no seu título preliminar.

A estes fins, e no exercicio das funcións que lle encomendan o Estatuto de Autonomía e a propia Lei do Valedor, esta institución encárgase de supervisar a actividade da Administración da Comunidade Autónoma galega e a dos seus entes e empresas públicas ou dependentes, así como a da Administración local naquelas materias que son competencia da nosa Comunidade.

Dentro destas competencias, a institución do Valedor do Pobo vela por que a Administración resolva expresamente, en tempo e forma, as peticións e recursos que lle foran formulados, cumprindo así o establecido no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Administración está obrigada a responder ao cidadán que acode a ela, e ten que ofrecerlle unha resposta directa, rápida, exacta e legal.

A obrigación administrativa de cumprir escrupulosamente coas normas que rexen os procedementos, coidando ao máximo de todos os trámites que constitúen o expediente, dimana directamente do mandato recolleito no artigo 103 da Constitución, segundo o cal a Administración debe servir con obxectividade aos intereses xerais e actuar con sometemento pleno á Lei e ao dereito, sometemento que se articula mediante a suxeición da actuación pública ao procedemento administrativo establecido pola Lei e segundo os principios garantidos pola Constitución no seu artigo 9.3.

Do actual marco normativo deriva a necesidade de dar aos cidadáns unha resposta expresa, por escrito, fundada, en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e en congruencia coas pretensións expresadas, todo iso con prontitude e sen demora inxustificada.

Se o interesado se dirixiu en 2 ou 3 veces a ese Concello, a pesares de estarse a falar dun acto non recorrible, como expresa o informe da alcaldía, é preciso darlle resposta por escrito.

De non telo feito xa, algo que non se deriva do informado, ese Concello debe dar unha resposta expresa e motivada aos escritos presentados polo interesado.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello a seguinte **SUXESTIÓN*:***

> *Que o Concello de Marín dea unha resposta expresa e motivada aos escritos presentados polo comparecente, de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da suxestión formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluirase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluirá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo